



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Convocatoria XVIII mostra de teatro afeccionado do Concello de Sada 2025. Premios Lugrís Freire

ANUNCIO

A Alcaldía do Concello de Sada resolveu mediante o decreto núm. 242/2025 do 19 de febreiro, aprobar a convocatoria e as bases reguladoras da XVIII Mostra de Teatro Afeccionado de Sada, Premios Lugrís Freire 2025, co texto que segue:

BASES POLAS QUE DEBE REXERSE A CONVOCATORIA DA XVII MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO DO CONCELLO DE SADA
PREMIOS LUGRÍS FREIRE 2025

1. CAL É O OBXECTO DESTA CONVOCATORIA?

O obxecto desta convocatoria é o de promover a actividade teatral de carácter afeccionado e dar a coñecer entre a poboación sadense unha selección das creacións escénicas contemporáneas, no eido do teatro amator. A proposta terá un formato de mostra ou festival, con varias datas nas que as compañías previamente seleccionadas representarán as súas obras.

Na Mostra entregaranse os «Premios Lugrís Freire», en homenaxe e lembranza do escritor e dramaturgo sadense, un dos máximos expoñentes do teatro social galego, director da Escola Rexional de Declamación e homenaxeado coas Letras Galegas 2006. Será o público quen exprese a través das súas valoracións cales serán as compañías premiadas nesta edición.

A finalidade da Mostra de Teatro Afeccionado do Concello de Sada é a de fomentar a cultura en xeral e as artes escénicas en particular. Configúrase como unha cita anual na que terán cabida os traballos presentados por compañías de teatro amator, coa idea de servir de impulso para a participación popular na cultura e para promover o teatro como medio de enriquecemento cultural.

Por medio deste certame o Concello de Sada desenvolve unha acción de democratización cultural, ao facer accesible para a cidadanía a creación escénica actual, pero tamén unha acción de creación de públicos e de formación artística, dándolle ás persoas asistentes a posibilidade de expresar e valorar os espectáculos presenciados.

A Mostra tamén ten unha compoñente dinamizadora da participación activa das nosas veciñas e veciños, xa que é un espazo aberto para amosar as montaxes das compañías teatrais locais. Tanto a Compañía Municipal de Teatro (Leneas Teatro) como outras agrupacións locais, que se manteñen grazas á iniciativa, compromiso e bo facer de veciñas e veciños, poderán formar parte do cartel da Mostra, aínda que sen participar no concurso dos premios.

A XVIII edición da Mostra celebrarase en varios sábados e domingos consecutivos, no mes de abril de 2025.

A participación na Mostra de Teatro Afeccionado e o seu funcionamento regularanse por medio destas bases.

2. CAL É O SEU ORZAMENTO?

O orzamento desta convocatoria financiarase con cargo ás partidas seguintes, contempladas no Orzamento Municipal:

MATERIAS	FINALIDADE	APLICACIÓN	CONCEPTOS	IMPORTE
Promoción cultural	Mostra Teatro Afeccionado	3340.48000	Premio directo a cada unha das 5 compañías seleccionadas:	800,00 €
			Premios Lugrís Freire: Mellor espectáculo para o público:	400,00€
			Premios Lugrís Freire: Mellor espectáculo para o xurado:	400,00€
TOTAL:				4.800€

3. QUE NORMATIVA SE APLICA?

A Mostra de Teatro Afeccionado está prevista no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) municipal para o período 2024-2026, recollida na liña de subvencións LS 3.4. A Mostra rexerá polo establecido nestas bases reguladoras. De xeito complementario, aplicarase a normativa vixente en materia de subvencións.

Nos aspectos relacionados coa presentación de solicitudes, rexerá polo disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Nas cuestións da tramitación telemática respectarase o establecido na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

En toda a tramitación será de aplicación a Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

4. QUEN PODE PARTICIPAR?

Poderán participar compañías ou asociacións que contén cun grupo de teatro afeccionado, independentemente da súa procedencia. As compañías interesadas poderán presentar as obras que desexen, sen límite de temática ou xénero, tendo en conta que:

- Non se aceptarán a concurso obras xa seleccionadas e representadas pola mesma compañía en edicións anteriores da Mostra.
- Deberán empregarse os anexos de solicitude (ANEXO SOLICITUDE e ANEXO DECLARACIÓN RESPONSABLE), cumprindo os datos descritivos e a documentación que se describe na base reguladora 8ª.
- As compañías deberán dispoñer da autorización da autora/autor da obra para a súa montaxe e representación.
- Poderán presentarse entidades con forma xurídica sen ánimo de lucro ou colectivos cidadáns sen forma xurídica.
- As obras poderán representarse en calquera lingua.

5. COMO SE FARÁ A SELECCIÓN DE OBRAS?

A XVIII edición da Mostra de Teatro Afeccionado seleccionará 5 obras de entre todas as solicitudes de participación que se reciban en prazo.

Unha Comisión de Selección, formada por persoas nomeadas pola Concellería de Cultura do Concello de Sada, deberá seleccionar as 5 obras que participarán nesta edición da Mostra. Para esta tarefa, propórase a participación de persoal docente e alumnado da Cía. Municipal e da Escola Municipal de Teatro de Sada.

A selección realizarase en base a criterios artísticos, relacionados coa proposta escénica, a calidade interpretativa, a calidade do texto ou a capacidade do elenco para transmitir emoción e comunicar a temática tratada.

A organización poderá incluír no certame un espectáculo de forma directa, programando a súa actuación na data da gala final, xusto a continuación do acto de entrega de premios.

A Comisión de Selección completará a lista de 5 espectáculos que formarán o cartel da «XVIII MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO, CONCELLO DE SADA. PREMIOS LUGRÍS FREIRE».

6. ONDE E CANDO SE REPRESENTARÁN AS OBRAS SELECCIONADAS?

Os espectáculos que resulten seleccionados nesta XVIII edición programaranse no Auditorio da Casa da Cultura Pintor Lloréns, no formato de entrada gratuíta ata completar aforo, nalgunha das seguintes datas:

DATAS XVIII MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO DE SADA	
Datas posibles para representación dos espectáculos seleccionados	Sábado 5 abril - 19:00 h
	Domingo 6 abril - 19:00 h
	Sábado 12 abril - 19:00 h
	Domingo 13 abril - 19:00 h
Gala de entrega de premios	Domingo 20 abril - 19:00 h

As compañías seleccionadas deberán aportar declaración responsable de non estar incursoa en ningunha das causas de exclusión previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, e comunicar a situación das obras en relación coa xestión dos dereitos de propiedade intelectual (ANEXO DECLARACIÓN RESPONSABLE). O Concello de Sada, como organizador do certame, farase cargo dos posibles dereitos de autoría nos casos en que corresponda.

O servizo de asistencia técnica do auditorio municipal porase en contacto coas compañías seleccionadas para coordinar as necesidades técnicas das súas montaxes. As compañías interesadas contarán co apoio dun técnico de sala para colaborar na montaxe do seu plano técnico e para asistir durante a realización da obra. A información sobre a dotación técnica do auditorio municipal pode consultarse nas últimas páxinas destas bases.

7. QUE PREMIOS REPARTE A MOSTRA?

Establécense os seguintes premios:

- PREMIO DIRECTO COMPAÑÍAS SELECCIONADAS:

Establécese un premio directo de 800 € para as compañías seleccionadas para a fase de representacións da Mostra.

As compañías seleccionadas perderán todo dereito a recibir este premio se non fose posible representar a obra nas datas dispoñibles para o certame, pasando a ser substituídas pola seguinte obra mellor valorada pola Comisión de Selección.

- PREMIO LUGRÍS FREIRE AO MELLOR ESPECTÁCULO PARA O PÚBLICO DA MOSTRA:

Establécese o Premio Lugrís Freire ao «Mellor espectáculo para o público», cun importe de 400€. O público asistente disporá de tarxetas de votación e depositarán a súa valoración ao final de cada función. O premio será para o espectáculo que acade a puntuación media máis alta.

- PREMIO LUGRÍS FREIRE AO MELLOR ESPECTÁCULO PARA O XURADO DA MOSTRA:

Establécese o Premio Lugrís Freire ao «Mellor espectáculo para o xurado», cun importe de 400€. A Concellería de Cultura e Normalización Lingüística nomeará un xurado, que estará formado por persoas implicadas na actividade teatral e por representantes municipais. Emitirá unha acta de valoración na que se fallará a compañía premiada.

O xurado puntuará as representacións empregando unha rúbrica na que se valorarán os seguintes criterios:

- Calidade da interpretación (traballo de actrices e actores)
- Calidade da posta en escena (escenografía, uso da iluminación e os recursos sonoros)
- Calidade do texto (obra escollida)
- Capacidade para comunicar a mensaxe da obra e transmitir emocións
- Impresión xeral subxectiva sobre o conxunto do espectáculo

No caso de que o Premio do público e o Premio do xurado recaian no mesmo espectáculo, o premio do xurado outorgase ao segundo espectáculo con mellor valoración na súa acta.

COMUNICACIÓN DOS PREMIOS LUGRÍS FREIRE:

Os premios do público e do xurado comunicaranse publicamente na Gala de entrega de premios que se celebrará o domingo 20 de abril, poñendo o peche a esta edición.

Condicións:

Para poder facer efectivo o ingreso dos premios por selección, as compañías finalmente seleccionadas deberán aportar un certificado bancario dun número de conta do que sexan titulares, para o ingreso dos importes correspondentes aos premios descritos na base 7ª.

A compañía invitada directamente pola organización para o peche da Mostra non optará aos «Premios Lugrís Freire», tanto do público como do xurado.

8. COMO SE PRESENTAN AS SOLICITUDES E EN QUE PRAZO?

As solicitudes presentaranse unicamente por medios electrónicos a través do formulario de solicitude normalizado da sede electrónica municipal (sede.sada.gal), mediante o procedemento «Solicitude xeral».

A solicitude completárase cos ANEXOS desta convocatoria. Tanto o ANEXO DE SOLICITUDE como o ANEXO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE estarán dispoñibles para descarga na páxina web municipal (www.sada.gal), xunto co resto de información relacionada coa convocatoria da XVIII Mostra de Teatro Afeccionado de Sada.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais e abrírase a partir do día seguinte ao da publicación das bases da convocatoria no BOP da Coruña.

Cando o órgano instrutor reciba algunha solicitude incompleta, incorrectamente cuberta, con falta de información necesaria ou sen a documentación que debe acompañar a solicitude, requirirá as entidades solicitantes para que as completen, dando un prazo de 10 días hábiles que contará dende o día seguinte ao da notificación do requirimento. Se a entidade requirida non responde ao requirimento de emenda, entenderase que desiste da súa solicitude.

Establécese a conta de correo cultura@sada.gal como vía de comunicación coas compañías participantes, a través da cal poderán consultar dúbidas ou solicitar aclaracións e asistencia coa presentación das solicitudes.

9. QUE TRATAMENTO SE DA AOS DATOS PERSOAIS?

Para participar na Mostra é necesario presentar anexos de inscrición que poden requirir certos datos persoais. A finalidade do tratamento destes datos é unicamente a realización das xestións necesarias para a organización do certame e das representacións teatrais programadas. A duración do tratamento será a necesaria para o desenvolvemento da convocatoria ata a entrega de premios. Os datos gardaranse con finalidade de arquivo e de avaliación de resultados e de elaboración de informes estatísticos.

Os datos serán incorporados ao sistema de tratamento do Concello de Sada e segundo as condicións reguladas na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), portabilidade, oposición e limitación do tratamento. Os datos non serán obxecto de decisións automatizadas nin serán compartidos con terceiras entidades, nos termos que se establecen na lexislación vixente en materia de protección de datos.

Para realizar xestións relacionadas coa xestión dos datos, as persoas interesadas poden dirixir a súa petición ao enderezo postal Avd. da Mariña 25, 15160 Sada (A Coruña) ou ben a través do enderezo electrónico dpd@sada.gal.

10. CONFORMIDADE

Coa participación no certame, as compañías participantes e as persoas que as representan aceptan as condicións establecidas nestas bases.

O persoal de organización da Mostra terá capacidade para decidir sobre a interpretación destas bases e as súas decisións deberán ser aceptadas polas participantes

Sada, 12 de febreiro de 2024.

O alcalde,

Óscar Benito Portela Fernández

ANEXO DOTACIÓN TÉCNICA:

RELACIÓN DE MATERIAL CASA CULTURA PINTOR LLORENS	
MATERIAL DISPOÑIBLE ILUMINACIÓN	OBSERVACIÓNS
16 PC	Con palas e portafiltros
6 BOTES PAR	Con lámpadas núm. 1, 2 e 5
6 RECORTES	ETC, con ángulo fixo
ETC SMART FADE 48 CH	Mesa de luces da sala
DIMMER STRAND 48 CH	Canais dobres
4 WASH LED RGBW	
MATERIAL DISPOÑIBLE SONORIZACIÓN	OBSERVACIÓNS
BEHRINGER X32	Mesa dixital de mestura de son
2 CAIXAS HK CONTOUR PRO	Autoamplificadas
2 CAIXAS JBL EON 450	Autoamplificadas 600W
2 CAIXAS SUB	Autoamplificadas 500W
AUDIOVISUAIS	OBSERVACIÓNS
PROXECTOR	4.500 lumens NEC
PANTALLA DE PROYECCIÓN	7 x 5 m. cor branca
OUTROS	OBSERVACIÓNS
CÁMARA NEGRA	Aforo á alemá (modificable)
CHAN ESCÉNICO	Madeira vernizada, non negro

ANEXO I: INSCRICIÓN DE OBRAS TEATRAIS

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN	
DATOS PERSOA REPRESENTANTE:	
NOME COMPLETO:	DNI:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
DATOS DA COMPAÑÍA TEATRAL:	
DENOMINACIÓN DA COMPAÑÍA:	NIF:
DOMICILIO FISCAL:	ENDEREZO NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA:
CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:
PÁXINA WEB / PERFÍS RRSS:	
DATOS DA OBRA TEATRAL:	
TÍTULO DO ESPECTÁCULO:	AUTORA/AUTOR:
LIGAZÓN PARA VISUALIZAR O VÍDEO DA OBRA: -https://__	
<input type="checkbox"/> O VÍDEO ENVIARASE EN FORMATO FÍSICO <input type="checkbox"/> NON EXISTE GRAVACIÓN DA OBRA	
SINOPSE:	
IDADE RECOMENDADA:	DURACIÓN:
ELENCO:	
NECESIDADES TÉCNICAS/PLANO DE ILUMINACIÓN (describir ou aportar en anexo á solicitude):	

ORDE DE PREFERENCIA DAS DATAS DE REPRESENTACIÓN:		
NÚM. ORDE DE PREFERENCIA:	DATAS:	MARCAR AS DATAS NON DISPOÑIBLES:
	Sábado 5	
	Domingo 6	
	Sábado 12	
	Domingo 13	

ANEXO II: DECLARACIÓNS RESPONSABLES

DECLARACIÓN RESPONSABLE

_____, con DNI _____, con enderezo en _____, actuando en representación da compañía teatral _____, con dirección de notificación electrónica _____,

DECLARA RESPONSABLEMENTE

1) Que non incorre en ningunha das circunstancias previstas no art. 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se determinan as prohibicións de contratar dos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público.

2) Que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Facenda Pública Estatal, Autonómica e Local e que:

Autoriza ao Concello de Sada a consultar a dita información

Non autoriza ao Concello de Sada a comprobar a dita información, polo que presentará os certificados correspondentes.

3) Que conta coa debida capacidade de obrar, solvencia e a representación da compañía teatral _____ para representar o espectáculo teatral « _____ », necesarias para participar na XVIII Mostra de Teatro Aficionado do Concello de Sada.

4) En relación coa xestión dos dereitos de autoría e propiedade intelectual, declara que:

A obra sinalada é autoría de _____ e a compañía ten autorización para realizar esta representación.

Documento asinado electronicamente, na data da firma dixital,

[Nome e apelidos]

2025/1199